



O Circuito Galego de tenis Praia organizado pola Federación Galega de Tenis e as entidades colaboradoras, disputarase en categoría Absoluta, establecendo como límite mínimo de acceso a idade de 14 anos, ao inicio da competición.

As sedes serán establecidas pola Federación Galega de Tenis. Poderán participar nel todos os xogadores/as con licenza federativa en vigor pola RFET no ano en que se realicen as probas, nas seguintes condicións:

O Circuito Galego de tenis Praia de Tenis componse de:

- a) 6 torneos.
- b) Campionato Galego tenis Praia.

A Federación Galega de Tenis resérvase o dereito de facer algunha modificación no regulamento de competición se así o estima oportuno.

## DIVISIÓNS

Nas probas do circuito estableceranse divisións en función do número de xogadores e xogadoras inscritas e non haberá previa.

Na primeira proba as xogadoras/es poderán inscribirse na división que prefiran salvo que teñan ranking de tenis praia nacional, que terán que xogar 1ª división.

Os Campións e finalistas dunha división deberán anotarse na seguinte proba na división superior.

No Campionato Galego, o acceso será 50% polo ranking nacional e o outro 50% polo ranking do circuito. Si fora necesario xogarse unha fase previa.

Establécese un regulamento onde o sistema de entradas e o seguinte:

Regulamento de entradas e tamaño dos cadros					
Divisións	Primeira	Segunda	Terceira	Cuarta...	Campionato Galego
Xog. Inscritos	Max. 8	Max. 8	Max. 8	Max. 8	16
Acceso Ranking Nac.	50%	50%	50%	50%	50%
Acceso Puntos Circuito	50%	50%	50%	50%	50%
Previa	-	-	-	-	Aberta
Accesos de previa	-	-	-	-	4

1. O acceso aos cadros seguirá a seguinte norma:

1º. 50% polo ranking do Circuito.\*

2º. 50% polo ranking Nacional.

\* Na primeira proba as xogadoras/es aceptados poderán elixir a división na que queren xogar seguindo os seguintes criterios:

- 1. Ranking
- 2. Elección da división por parte das parellas.
- 3. Orde de inscrición.

Esta norma non será aplicada nos Campionatos Galegos, nos que o acceso será por ranking nacional ou ranking do circuito.

No caso de igualdade en puntos do circuito, terá preferencia o xogador que teña un mellor ránking nacional e viceversa. Se houbera igualdade en ambos os dous rankings o desempate será por sorteo.

- 2. A Federación Galega de Tenis resérvase 2 prazas de WC para cada división, que poderá utilizar se o considera oportuno.
- 3. As/os xogadoras/es que non teñan licenza da Federación Galega (e dicir, poderían ter licenza por outra comunidade autónoma), poderán disputar todas as probas do Circuito, a excepción do campionato galego de tenis praia.

## CABEZAS DE SERIE

Regulamento cabezas de serie		
Cadro Final	8	8 a 16
Cabezas de serie	4	4

- Os criterios para establecer os cabezas de serie será a seguinte:
  - Nº1 e Nº2 por clasificación nacional de tenis praia.
  - Nº3 e 4 por ranking do circuíto de tenis praia.

Si non teñen ranking de tenis praia , utilizarase o ranking do circuíto.

## SISTEMA DE PUNTUACIÓN

- Campionatos Galegos.
  - Cadros Principais a 2 sets + súper tiebreak. Fases previas 2 sets cortos + super tie break.
- Resto das probas
  - 2sets cortos + súper tie break

## SISTEMA DE CLASIFICACIÓN – RANKING CIRCUITO

- As/os xogadoras/es participantes nas probas do Circuíto galego de tenis Praia obterán puntos do circuíto, segundo a taboa:

Regulamento de puntuación do Circuíto				Campionato Galego Puntuación	
Clasificación	División 1ª	División 2ª	División 3ª	Campionatos Galegos	Ronda
1º	50	20	12	100	Campeón
2º	40	15	10	80	Finalista
3º-4º	30	10	8	60	Semifinalista
5º	20	8	5	40	Cuartofinalistas
6º	15	4	3	20	Octavofinalistas
7º-8º	10	2	1	15	Previa Final
				10	Previa SF
				5	Previa CF

- O xogador e xogadora que non dispute ningún partido (w.o.), non obterá ningún punto.

## ARBITRAXE

- Arbitraraxe as finais do Campionato Galego de Tenis Praia.

## PENALIZACIÓN

- Unha/un xogadora/or que sexa expulsada dunha proba quedará tamén excluída/o de tódalas categorías nas que participe nese torneo, ademais, non terá dereito a recibir puntos do circuíto por ese torneo.
- Esta penalización non exclúe de outras posibles sancións que poidan aplicar os órganos sancionadores competentes.

## PREMIOS

- Probas do circuíto (cada organizador establecerá os premios da súa proba):
- Campionato Galego.
  - Trofeo para os campións e finalistas das probas.

- b. Praza de invitación para o campionato de España os campións de parellas masculino e feminino + 300€ por parella para gastos de asistencia o campionato.
- 3. É obrigatorio asistir as entregas de premios para poder recibir os trofeos e regalos.

## INFORMACIÓN PROBAS

1. Toda a información da competición (Bases, Inscripción, Orden de xogo, Cadros) estará publicada na páxina web da Federación Galega de Tenis [www.fgtenis.net](http://www.fgtenis.net).
2. Todas as probas organizaránse nas seguintes categorías:
  - a. Parellas femininas.
  - b. Parellas masculinas.
  - c. Parellas mixtas.

## BASES

### CALENDARIO

DATA	TORNEO ZONA NORTE	SEDE	TORNEO ZONA SUR	SEDE
<b>29-30 XUÑO</b>				
<b>6-7 XULLO</b>				
<b>13-14 XULLO</b>			CONCELLO DE VIGO	PRAIA DE SAMIL
<b>20-21 XULLO</b>	TENIS PRAIA REDES	PRAIA AREA MORTA		
<b>27-28 XULLO</b>	CONCELLO POBRA DO CARAMIÑAL	PRAIA DE LOMBIÑA (CABÍO)		
<b>10-11 AGOSTO</b>	CONCELLO DE ARES	PRAIA DE O XUNCAL	CONCELLO DE POIO	PRAIA LOURIDO
<b>17-18 AGOSTO</b>			CONCELLO PONTEVEDRA	MERCANTIL DE PONTEVEDRA
<b>24-25 AGOSTO</b>	CAMPIONATO GALEGO TENIS PRAIA			A DETERMINAR

## INSCRICIÓN

### Campaña promoción 2019

#### Paquete circuito tenis Praia:

Paquete para xogadoras/xogadores sin licenza federativa de tenis	Paquete para xogadoras/xogadores con licenza federativa.
<ul style="list-style-type: none"><li>• Acceso a participación en 3 probas do circuito a nivel autonómico e no Campionato Galego de Tenis Praia.</li><li>• Desconto na inscrición no resto das probas a un custo de 10€.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Acceso a participación en 3 probas do circuito a nivel autonómico e no Campionato Galego de Tenis Praia.</li><li>• Desconto na inscrición no resto das probas a un custo de 10€.</li></ul>
<b>45€</b>	<b>25 €</b>

A inscrición aislada en cada unha das probas sin coller o paquete de promoción é de 15€, tendo en conta que é obrigado ter licenza federativa.

